



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE SETEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)
Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)
María Regenjo Vázquez (GPM PP)
Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)
Ramón García Conde (GPM PP)
Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)
Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)
Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Ausentes:

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)
Silvia Cao Tubío (GPM PT)

Secretaria-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **20:35 horas** do día **15 de setembro de 2017**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, reúnese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **ORDINARIA**, previamente convocada, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, en réxime de acumulación, **D^a. Paula Ares Otero**, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do núm. legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

1. Aprobación, se procede, do borrador das actas das seguintes sesións: sesión ordinaria do 21.07.2017 e sesión extraordinaria do 04.08.2017.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PARTE DE CONTROL:

2. Dación de conta das resolucións da alcaldía da núm. 397/2017 á núm. 496/2017.
3. Mocións por razón de urxencia.
4. Rogos e preguntas.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DA SEGUINTE SESIÓN: SESIÓN ORDINARIA DO 21.07.2017 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 04.08.2017.

A **Alcaldesa** explica que vai someter a aprobación o borrador da acta da sesión ordinaria do día 21.07.2017.

A **Alcaldesa** pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP e GPM do PSOE) e unha (1) abstención (do concelleiro do BNG) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria ordinaria do día 21.07.2017.

A **Alcaldesa** explica que vai someter a aprobación o borrador da acta da sesión extraordinaria do día 04.08.2017.

A **Alcaldesa** pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP e GPM do PSOE) e unha (1) abstención (do concelleiro do BNG) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria extraordinaria do día 04.08.2017

2) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA NÚM. 397 Á 496 DO 2017.

Acta do Pleno do Concello de Lousame,
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía da conta das resolucións da presidencia da número 397 á 496 do 2017.

A Corporación dase por enterada.

3) **MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.**

3.1. Moción para a fixación dos festivos locais 2018

A Alcaldesa explica que quere aprobar un asunto por cuestión de urxencia. O día 12.09.2017, despois de ter saído a convocatoria do pleno ordinario do mes de setembro, chegou ao rexistro do Concello co número 2898, escrito da Consellería de Economía, Emprego, e Industria solicitando que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2018, establecendo como data máxima para facelo o día 15.10.2017. Por este motivo considérase urxente tratar este asunto no presente pleno, e somete a votación a urxencia da moción e polo tanto a súa inclusión ou non na Orde do Día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP e GPM do PSOE) e unha (1) abstención (do concelleiro do BNG) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión no orde do día do pleno.

A Alcaldía procede á lectura da moción de urxencia:

.....

MOCIÓN POR RAZÓN DE URXENCIA: FESTIVOS LOCAIS 2018

<<O día 12.09.2017 con rexistro de entrada núm. 2898 recíbese escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria solicitando que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2018.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2018 os seguintes:

- Mércores, día 25 de abril, San Marcos.
- Venres, día 10 de agosto, San Lourenzo / Venres, día 28 de setembro, San Roquiño

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

Lousame, a 15 de setembro de 2017

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais >>

A Alcaldesa considera que por tradición debe conservarse o día de San Marcos. E logo propón dúas alternativas: o día de San Lourenzo, para fomentar esta festa tradicional de Lousame e o día de San Roquiño. Explica que o equipo de goberno considera máis axeitado fixar o día de San Lourenzo, pero propóñense as dúas alternativas.

D. Julio D.M. Paradela Busto está de acordo no día de San Marcos. Pero en cambio, considera mellor fixar como festivo local o día de San Roquiño, xa que se beneficiaría máis xente. Considera que o feito de poñer festivo San Lourenzo non implicaría que máis xente fose a esa romería.

D. Amador Turnes Núñez propón o día de San Marcos e o día de San Lourenzo.

A Alcaldesa considera que pasa ao contrario do que explica o Sr. Paradela. O feito de poñer festivo o día de San Roquiño non implica que vaia menos xente porque é unha festa moi asentada. En cambio o día de San Lourenzo non o é tanto. E para favorecer a súa consolidación si é interesante poñer ese día como festivo local. Este ano 2017 cando acudiu á romaría moita xente fíxolle esta petición; que este día fose declarado festivo, porque había moita xente interesada en ir, pero ao traballar non puideron facelo.

Entón, a Alcaldesa propón someter a votación a fixación dos seguintes días festivos: 25 de abril, San Marcos e 10 de agosto, San Lourenzo.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP e GPM do BNG) e dúas (2) abstencións (dos concelleiros do PSOE) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<O día 12.09.2017 con rexistro de entrada núm. 2898 recíbese escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria solicitando que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2018.


Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2018 os seguintes:

- Mércores, día 25 de abril, San Marcos.
- Venres, día 10 de agosto, San Lourenzo.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

3.2. Moción do PP sobre a recuperación do Pazo de Meirás.

A Alcaldesa explica que nestes días estase a coñecer nos medios de comunicación as manifestacións da Fundación Franco e o non cumprimento do réxime de visitas do Pazo de Meirás. Por iso propón a aprobación da urxencia da moción así como a inclusión do asunto na orde do día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos concelleiros do PSOE e do BNG) sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión no orde do día do pleno.

A Alcaldía procede á lectura da moción de urxencia:

.....

<<O Grupo Municipal do Partido Popular, conforme ao previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ante o debate suscitado pola recuperación do Pazo de Meirás, no concello coruñés de Sada, e co obxecto de que o Pleno do Concello de Lousame poida expresar de forma unánime o seu propio posicionamento sobre o particular, preséntalle ao Pleno da seguinte MOCIÓN:

SOBRE A RECUPERACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS PARA O PATRIMONIO PÚBLICO DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Torres de Meirás, tamén coñecidas como o Pazo de Meirás, foron transmitidas gratuitamente en 1938 ao ditador Francisco Franco, quen as aceptou en plena Guerra Civil como "regalo" e para convertelas na súa residencia de verán.

Contradiciendo á propaganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da cidadanía da Coruña e da súa provincia, senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas no contexto social daquela época.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seus herdeiros.

Sen embargo, debido ao valor histórico e cultural das Torres de Meirás; ao seu elevado carácter simbólico; ao incumprimento da normativa de acceso aos BIC; ás circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; así como a declarada intencionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe á figura do ditador, fan necesario formular a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre, como é lóxico, respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen algo tan simple como asumir os estándares actuais aplicados ás doazóns de bens ao Xefe de Estado de España ou a calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público.

Ante a proliferación de propostas que se están a expoñer, algunha delas caótica na súa formulación, sería preciso centrar a cuestión no estudo das formas xurídicas coas que materializar esta operación de recuperación do patrimonio público.


*Estas son as razóns que explican a iniciativa que o Grupo Popular presenta para a súa consideración e apoio, se así se considera, dos distintos grupos representados na Corporación Municipal, concretada no seguinte **ACORDO***

O Pleno do Concello de Lousame acorda:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Trasladarlle á Fundación Francisco Franco a máis enérxica condena polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través dun comunicado e por medio do seu Portavoz>>

.....

Non habendo intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

Segundo: Trasladarlle á Fundación Francisco Franco a máis enérxica condena polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través dun comunicado e por medio do seu Portavoz>>

3.3. Moción do PSOE sobre un novo modelo salarial e un novo pacto de rendas para España.

D. Julio M. D. Paradela Busto xustifica a urxencia da moción porque o goberno central considera que en España existe unha recuperación económica e que a crise xa pasou, pero a realidade é que os traballadores non senten esa citada recuperación que se está vendendo nos medios de comunicación. A urxencia está motivada porque até o mes de novembro non volve haber pleno ordinario e o PSOE considera oportuno tratar canto antes este asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión no orde do día do pleno.

De seguido o Sr. Paradela Busto, procede á lectura da moción presentada que é do seguinte teor literal:

.....

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Preza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE LOUSAME SOBRE UN NOVO MODELO SALARIAL E UN NOVO PACTO DE RENDAS PARA ESPAÑA.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista -PSOE desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Durante a etapa do goberno do PP a desigualdade salarial disparouse, mesmo nos anos recentes de recuperación da actividade e descenso da taxa de paro. En concreto, os salarios do 40% da poboación con menores soldos diminuíron, especialmente entre os traballadores cun contrato temporal.

Os descensos afectaron de modo principal aos máis novos: os salarios dos traballadores de entre 25 e 34 anos de idade caeron un 5,5% en termos reais.

Esta evolución salarial derivou nun importante aumento do fenómeno dos traballadores pobres: a porcentaxe de traballadores en risco de pobreza, definido como a proporción de traballadores cunha renda inferior ao 60% da mediana de ingresos, pasou do 10,8% en 2012 ao 13,1% en 2015, cociente unicamente superada por Grecia e Romanía.

Este modelo consolidouse, de modo que os novos entrantes no mercado de traballo están a facelo cun desconto nos seus salarios do 25% con respecto ao resto de traballadores, brecha que se aumentou nos últimos anos.

O actual modelo salarial en España está a impedir que o progreso económico e social esténdase á maioría de españois. Ademais dos nefastos efectos sociais que carrega, tamén desde o punto de vista estritamente económico o modelo actual ten cada vez menos sentido: pon en risco a recuperación económica na medida que imposibilita a normalización do consumo dos fogares, que aínda se atopa por baixo do nivel previo á crise. É un feito constatado que o mantemento de niveis de consumo aceptables no noso país, sobre o pano de fondo de baixos salarios, está a realizarse á conta dunha diminución da taxa de aforro das familias, que é un modo insustentable de avance.

É, por tanto, un obxectivo prioritario para o PSOE romper a dinámica instalada en España de baixos salarios, precarización e aparición de traballadores pobres, e dar paso a un novo modelo de salarios decentes no noso país, baseados nunha repartición máis xusta da produtividade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Lousame presenta, para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal, a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1.- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre Patronal e Sindicatos, para lograr que en 2021 os salarios recuperasen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente,

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

propor un incremento salarial entre un 2% e un 3% en 2.018, e entre un 2,5% e 3,5% nos anos sucesivos (2.019, 2.020 e 2.021)

2.- Acordar cos Sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2.020.

3.- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores.

4.- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto cun reforzo da inspección de traballo para que devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.

5.- Equiparar a subida salarial dos empregados públicos para 2.018 co aumento da inflación, incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.

6.- Pór en marcha un plan de choque para os mozos con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7.- Tomar medidas concretas contra a brecha salarial de xénero, como a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.


8.- Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas forma de super explotación laboral.


Setembro 2017.

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista.

.....

A Alcaldía considera que esta moción da para facer un estudo moi profundo. Non hai que quedar na superficie e debe facerse esa análise. Considera que o noso país padeceu unha grande crise económico onde foi preciso tomar decisións moi duras. Incluso o PSOE no seu momento tivo que conxelar os salarios. A reforma laboral deu froitos, isto é unha evidencia que non pode negarse. Permitiu mellorar a empregabilidade, que requiría unha estruturación moi profunda. E todo isto motivado porque non había emprego. Existían moitos traballadores cunha gran formación académica, universitaria, pero non existían nichos de emprego para eles. Nos países europeos son máis dinámicos nos tipos de contratos e constatouse que isto favorecía a empregabilidade. A reforma que hai que facer na sociedade sería de tipo político, empresarial e social pero daría para un debate





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

moi longo. O PP está de acordo en que hai que ir incrementando os salarios e alcanzar o teito dos 1.000 € en 2020. Pero o que non está de acordo é en derrogar ningunha norma. Se non elimina a petición de "derrogar", entón o PP non apoiará a moción do PSOE.

D. Julio M. D. Paradela Busto non comparte a visión da Alcaldesa. A reforma laboral non foi produtiva, e o emprego que se xerou fíxose en contra dos traballadores; xa que onde antes había un contratado agora hai catro.

A Alcaldesa replica que o feito de que a reforma laboral fose produtiva non o di o PP, senón que o din diferentes sectores da sociedade. A realidade non se pode negar.

D. Julio M. D. Paradela Busto pregúntase que tipo de emprego se crea.... Empregos dun día, dunha semana....

A Alcaldesa considera que aínda existen taxas altas de paro, pero é que antes eran escandalosas. É certo que queda moito por facer. O importante é saír da crise e traballar para mellorar o traballo e o emprego xuvenil. É certo que temos unha xuventude moi cualificada, pero non existen traballos para a dita cualificación ou o que hai está mal pagado. Hai que mellorar a precarización do emprego, mellorar a calidade dos postos de traballo, mellorar a produtividade das empresas, investir en innovación.... O GPM do PP apoiará todas estas iniciativas. Pero non apoiará unha moción que acorde "derrogar" a reforma laboral, porque a reforma laboral foi útil.

D. Amador Turnes Núñez apoia a moción así como a derogación da reforma laboral.

Ante a ausencia de máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por tres (3) votos a favor (dos 2 concelleiros do PSOE e 1 concelleiro do BNG) e seis (6) abstencións (dos 6 concelleiros do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:


<<1.- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre Patronal e Sindicatos, para lograr que en 2.021 os salarios recuperasen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente, propor un incremento salarial entre un 2% e un 3% en 2.018, e entre un 2,5% e 3,5% nos anos sucesivos (2.019, 2.020 e 2.021)

2.- Acordar cos Sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2.020.

3.- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto cun reforzo da inspección de traballo para que devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.

5.- Equiparar a subida salarial dos empregados públicos para 2.018 co aumento da inflación, Incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.

6.- Pór en marcha un plan de choque para os mozos con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7.- Tomar medidas concretas contra a brecha salarial de xénero, como a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.

8.- Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas forma de super explotación laboral>>

4) ROGOS E PREGUNTAS.


O Sr. Paradela Busto, formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1 En relación a un decreto de contratación de xefe de brigada de incendios. Chámalle a atención as aportacións da Xunta de Galicia. Pregunta por que un xefe de brigada cobra 1.115 euros en Lousame, 1.365 en Rois e 1.500 euros en Outes. Non entende esta diferenza de salarios.

Alcaldesa: O Concello de Lousame ten que poñer máis cousas para executar ese proxecto. Esas cantidades son a aportación municipal. Non entende ao Sr. Paradela Busto, xa que cando se trouxeron os orzamentos parecía que facía comentarios no sentido contrario. Os salarios do persoal depende das aportacións municipais que faga cada concello. As diferenzas derivan da cantidade que pon cada concello a maiores das cantidades que aporta a Xunta de Galicia. Non ten nin idea de cales son os convenios dos outros Concellos.

O Sr. Paradela Busto di que houbo candidatos que se presentaron en Lousame e logo perdían cartos en comparación con presentarse noutro Concello. Ademais presentan a documentación e cobráselles por facer as compulsas, cando noutros concellos non se lles cobra.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: As ordenanzas son públicas e o Sr. Paradela as coñece perfectamente. Non debe escandalizarse coas renuncias. Xa houbo unha reunión en Noia dos Concellos que pertencemos a este distrito forestal. E xa houbo concellos que decidiron externalizar a contratación, isto é, en vez de contratar persoal, contratar a unha empresa que lle preste este servizo. E é precisamente para evitar esas renuncias que son un problema moi importante. En canto ao caso concreto dunha persoa que renunciou á nosa cuadrilla manifestoulle que estaba moi arrepentida de non terse quedado porque a cuadrilla deste ano foi excepcional. O ideal sería que todos as persoas puidesen cobrar o mesmo, pero hai moitas diferencias de recursos entre os Concellos. Por exemplo, no Concello de Ames teñen grandes salarios, pero a situación de Ames non é a de Lousame. Se Lousame quere poñer salarios tan altos como os de Ames, entón terá que renunciar a ter cuadrilla. A parte de financiamento da Xunta o Concello de Lousame destinaa integramente a os custos salariais. As veces as renuncias prodúcense porque os concellos non fan as contratacións ao mesmo tempo. Entón o persoal cando xa leva traballado un mes e medio nun concello preséntase noutro concello que contrata máis tarde, e así vai encadeando máis tempo de traballo. Isto causa grandes prexuízos. Se quedou unha lista de reserva, pódese tirar dela. Pero se non quedou lista... Hai que celebrar de novo outro proceso selectivo. Estas renuncias causan un gran transtorno pero é un problema común en tódolos concellos.

- 2 O Sr. Paradela Busto quere facer un rogo. Observa desde fai un ano que hai moitos erros nos decretos, continuas dilixencias de corrección, etcétera. Xa parece unha cousa repetitiva. E tamén hai erros nas convocatorias, porque viña o domingo.

Alcaldesa: Antes os decretos non se levaban de xeito electrónico ou telemático. Senón de xeito manual. Así cando se emitía unha resolución se logo se observaba un erro, se corruxía e se substituíaa. Pero agora o Concello está co programa Sigem da Deputación. Este programa supón que unha vez firmado un decreto non se pode eliminar de ningún xeito. E o único xeito de corruxilo é facer unha dilixencia de corrección de erros. Non é que agora haxa máis erros que antes. Senón que agora quedan reflectidos e antes non. Se houbo un erro nunha convocatoria, trasladará esa circunstancia. Pero pregunta a Alcaldesa: cal é o rogo? O rogo é que teñan menos erros os traballadores? Ou é un rogo para a Alcaldesa? Da Alcaldesa non é o erro, xa que ela non está pulsando a tecla.

- 3 O Sr. Paradela Busto di que a depuradora emite olores desagradables.

A Alcaldesa sinala que habrá que revisar a ver que é o que sucede.

Acta do Pleno do Concello de Lousame,
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.

12





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 4 O Sr. Paradela Busto pregunta se se vai facer o valado do río. Tamén se falou de pechar o parque infantil e segue sen facerse. Existen outras zonas con menos perigo que están pechadas. Se se quere poñer ben San Fins, haberá que corrixir estas situacións.

A Alcadesa explica que o valado estaba feito en madeira, pero a parte que estaba en contacto coa terra pudriu. Xa se encargou en estrutura metálica unha parte e queda a outra. Tan pronto a brigada municipal remate o que está facendo agora irán unha parte a reparar unha urxencia en Tállara e a outra parte á zona de San Fins.

- 5 O Sr. Paradela Busto considera que hai que facer algo en Arxellas. Hai un espazo público ocupado por unha empresa que ademais fai provocacións aos veciños. E débense tomar medidas. Por outra banda, en Cernande tamén se utiliza a estrada como aparcadoiro de máquinas, remolques e maquinaria agrícola.
- 6 O Sr. Paradela Busto sinala que en Vilacoba hai unha pista de concentración parcelaria.

Alcadesa: Está feita.

O Sr. Paradela Busto pregunta que cando se fixo.


Alcadesa: Cando foi da concentración parcelaria. Explica que se está traballando nese tema, limpando cunetas, falando cos veciños, etcétera. Tocar o firma é un erro considerable. Se na pendente se bota zahorra na primeira enchenta todo se estropearía. Vaise estudar cal é a mellor maneira de solucionar este asunto.

- 7 O Sr. Paradela Busto cre que o parque infantil necesita un arranxo.

Alcadesa: O terreo que ocupa ese parque infantil será tratado na próxima comisión de seguemento e control. Quere explicar por que non se meteu ese parque en ningún plan.

- 8 O Sr. Paradela comenta que onte veu algo relativo ao tema do transporte escolar. Pero en cambio, non se falou de algo que non se fixo. Existen tres persoas que quedaron no paro, non foron subrogadas, as persoas acompañantes. Algunha levaba 10 anos. No convenio de transporte contéplase a subrogación. Eses tres ocos xa foron cubertos por outras persoas. Non entenden porque non se defenden a estas traballadoras.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Pregúntalle ao Sr. Paradela Busto por que afirma que o concello non se interesou por esas persoas.

O Sr. Paradela Busto di que porque falou coas interesadas e onte, a Sra. Alcaldesa, na comisión non dixo nada deste tema.

Alcaldesa: Este é un tema entre empresarios e traballadores. Non é un tema municipal. Se quere llo explica ao saír. Trátase dunha colisión entre os dereitos dos traballadores e os dereitos dos empresarios. Coñece o Sr. Paradela como estaban contratadas esas persoas? O Concello quere facer todo o mellor para os veciños, pero a nova empresa defende que non ten obriga de coller aos antigos traballadores; e non quere dar máis datos porque son cuestións que pertencen ao ámbito desas empresas. Explica que tivo unha reunión co director xeral, o subdirector e os representantes das empresas. Tivo preocupación por este asunto e así llo transmitiu á consellería. A nova empresa defende que xuridicamente non está obrigada e subrogar a eses traballadores. Loxicamente se non ten razón, terá que dar marcha atrás. O Sr. Paradela ten empresa e seguro que sabe a resposta clarísima. Pero está facendo a súa estratexia. Non quere entrar neste asunto nin debe entrar. Sínteo sobre todo por unha traballadora á que lle faltaban 2 anos para xubilarse.

- 9 O Sr. Paradela Busto pregunta se o Concello fixo algo por arranxar as deficiencias na TDT e na internet. Pregunta se non funciona a rede wifi.

Alcaldesa: En canto á TDT cada vez que hai un aviso de mal funcionamento, vaise arranxar. Estivo na Parroquia de San Xusto este día e xa non había problemas. O mércores da semana pasada houbo problemas na Pousada, Abeixón e Sanguñal e xa teñen visión normalizada dende o luns. Hai zonas nas que cando hai mal tempo sempre hai problemas. Respecto á rede wifi hai zonas moi complexas. Algunhas zonas quedaron solucionadas pero outras están pendentes.

- 10 Nos orzamentos fálase dunha inversión para o Concello de 715.000,00 €. E chámalle a atención da inversión de un millón e pico de euros da variante. Pero esa inversión é para Noia e non para Lousame.

Alcaldesa: Ao Sr. Paradela ese investimento non lle vai favorecer porque vive no Son. Pero os veciños que vivimos en Lousame sabemos que esa variante é boa para o Concello. Non pode entender que unha infraestrutura que beneficia a todos sexa criticada polo Sr. Paradela Busto, e só se critica por ser feita pola Xunta de Galicia.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto di que hai outros que tamén viven no Son. E por outra banda, venderon que ía chegar ao Centro de Día.

Alcaldesa: Están as dúas memorias arriba. Unha recolle unha pendente e hai que facer un viaduto. Ou se fai este enlace. Conseguir esta obra custa moito tempo e anos. E unha vez feito isto, xa seguiremos pedindo para que se amplíe a ponte e se conecte. Unha vez que estea feita a conexión, o demais é imparable.

11 O Sr. Paradela Busto pregunta pola depuradora de Tállara. Se funciona.

Alcaldesa: Si. Está recepcionada. Houbo unha avaría. Cando hai un fallo eléctrico chega co móbil unha alarma. Houbo un fallo de alimentación e estivo Espina & Delfín para arraxalo. Pero hai outro problema máis grave. Temos que poñer unha cadea e candado. Ese foi o fallo máis grave da depuradora.

12 O Sr. Paradela Busto pregunta se en relación ao invasor asiático se fixo algunha charla ou prevencións.

Alcaldesa: Si. Está convencida que nun futuro vai diminuír esta problemática. Existe un fungo que pode actuar como depredador natural. Se están colocando trampas, estratexias que antes descoñecíamos, se retiran moitísimos niños. As cifras desta invasión son sorprendentes. En algúns concellos falan de 200 niños.

13 O Sr. Paradela fala da inversión que se leva feito na mina de San Fins.

Alcaldesa: Quere felicitalo porque é a primeira vez que o ve construtivo en canto á mina.

O Sr. Paradela Busto sinala que el non pide inversión alí.

Alcaldesa: Di que entón retíralle a felicitación.

O Sr. Paradela Busto pregúntase cando revertirá no Concello de xeito positivo toda a inversión e o gasto que se leva feito na mina.

Alcaldesa: O Concello está apostando pola recuperación dun patrimonio cultural único que vostedes non souberon conservar cando estaba moito mellor que cando chegou este equipo de goberno. Non se trata de turismo, non se trata de recuperar cartos. É protección do patrimonio.

O Sr. Paradela Busto, pregunta se esa protección é como a da casa de Camboño.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: A casa de Camboño comprouse porque os veciños da zona dicían que esa casa era unha ratoeira, que había maleza, que podía provocar un incendio. Pode ademais ter outros fins, que se estudarán.

- 14 O Sr. Paradela Busto di que o Centro de Día por forma ten un estado lamentable. Onde se fixo o muro había unha plantación de 80 ou 90 árbores e agora só hai maleza.

Alcaldesa: O muro fíxose fai pouco. No proxecto de construción dese muro non había plantación de árbores. Hai maleza e será limpada, pero para isto é preciso levar arnés.

O Sr. Paradela Busto pregúntalle á Alcaldesa se o Centro de Día está consorciado.

Alcaldesa: Non. Xa llo dixo ao Sr. Paradela Busto persoalmente.

O Sr. Paradela Busto explica que Rey Varela di que hai 40 prazas libres.

Alcaldesa: Pero pagan libranza. Son prazas dispoñibles.


O Sr. Paradela Busto pregunta se se vai facer unha fundación. Se a Xunta se fará cargo.

Alcaldesa: Hai que ir paso a paso.

- 15 O Sr. Paradela Busto explica que fai uns días, un domingo, chegoulle un mensaxe de whatsapp dunha convocatoria ás 14:45 horas, anunciando unha reunión en sanidade. Quizais a intención era non querer convocar ao PSOE. Houbo compañeiros que ás 10.00 xa tiñan a convocatoria e outros non.

Alcaldesa: Todo isto ten unha explicación. Pero o Sr. Paradela Busto non lla pediu. Ela estaba fora e tivo unha chamada na que lle indicaron que non contestara a un correo electrónico. Eu contestei que non me chegara ese correo. Díxome o correo a onde se me comunicara esa reunión e trátase dun correo antigo que non utilizamos. Reenviáronme o correo de novo o sábado a última hora. E tan pronto o vin e o abrín, o rebotei por whatsapp. Sinto moito que non fóra. Alí pregunteille a unha compañeira súa por vostede e xa me confirmou que non ía. Toda esta información a pode contrastar na consellería de Sanidade.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión ordinaria do día 15.09.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

16 O Sr. Paradela Busto quere saber por que noutros concellos se substitúen aos pediatras, e en Lousame mandan un puericultor.

Alcaldesa: Preocupouse por esta situación. Xa estivo co coordinador de zona e non hai pediatras de substitución. Pero os veciños están unha doutora excelente, opinión que teñen o resto dos facultativos e a veciñanza.

O Sr. Paradela Busto explica que non pasa o mesmo en A Pobra, no Son....

Alcaldesa: Non é unha cuestión de Lousame. Trátase de médicos especializados. O coordinador comentoume que fai moi ben o seu traballo. Todos nos temos que sentir moi orgullosos do Centro de Saúde de Lousame

O Sr. Paradela Busto di que non pode opinar porque non usa o servizo de pediatría.

Alcaldesa: Contesta que en fin...., que se reafirma no que acaba de dicir.

Unha vez rematada a intervención do Sr. Paradela Busto, a Alcaldía preguntalle ao Sr. Turnes Núñez se quere intervir.

O Sr. Turnes Núñez contesta que non, que non quere intervir.

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e cincuenta e un minutos (21:51 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

